


O IEM organiza o ciclo informativo “Invasoras silenciosas. Novas pragas no Val Miñor”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 25 Febreiro 2015 22:33



Unha serie de especies invasoras (animais, plantas e outros organismos), xeralmente transportados e introducidos polo ser humano fóra das súas áreas naturais están establecidas e dispersas na nosa bisbarra con efectos negativos en diversos ecosistemas. A partir deste xoves 26 de febreiro ás 20:30 horas, dará comezo un ciclo informativo na Aula de Cultura Ponte de Rosas, a cargo de especialistas na investigación e control de catro ameazas instaladas no Val Miñor: O carrizo da Pampa, o picudo vermello das palmeiras, a avéspera asiática (velutina) e unha serie de enfermidades infecciosas que afectan á poboación anfibia.

O ciclo se desenvolverá seguindo o seguinte programa:

Xoves 26 de febreiro. 20.30 horas.

O IEM organiza o ciclo informativo “Invasoras silenciosas. Novas pragas no Val Miñor”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 25 Febreiro 2015 22:33

Presenta Xosé Ramón García (Botánico e membro da Xunta de Goberno do IEM).

- 1º coloquio: "O carrizo da Pampa. Invasión a toda máquina".

Relator: Miguel A. Fernández Martínez. Biólogo. Traballa no estudo e control de invasoras en Galicia, entre outras coas especies vexetais exóticas dos ríos de Pontevedra e cos cangrexos de río exóticos, describindo por primeira vez a presenza de *Pacifastacus leniusculus* no noso territorio. É autor das Guías das libélulas de Galicia e da Natureza dos ríos e ribeiras de Galicia.

-2º coloquio: "Enfermidades infecciosas emerxentes. A ameaza definitiva para os herpetos galgos?"

Relator: César Ayres. Membro da Asociación Herpetológica Española e coordinador do programa SARE en Galicia. Integrante do equipo británico-español que está a estudar os patóxenos "ranavirus" que afectan á península ibérica. Este científico foi quen achegou as primeiras mostras de Galicia ao Museo Nacional de Ciencias Naturales (MNCN-CSIC) en 2010 e dende entón, encárgase de seguir periodicamente a evolución do patóxeno no encoro pontevedrés de Pontillón de Castro.

Xoves 5 de marzo. 20.30 horas

Presenta Pablo Casal Núñez (Profesor de Ed. Física e membro do IEM)

-3º Coloquio. "O picudo vermello das palmeiras. Impacto no Val Miñor".

Relator: Antón Vázquez Caamaño. Enxeñeiro agrícola pola Universidade de Santiago de Compostela. Adscrito á Consellería de Agricultura, traballa na Sanidade Vexetal Explotacións Agrarias da Delegación da CMRM en Pontevedra, nocivos de coarentena, como o cancro bacteriano do kiwi, o nemátodo da madeira do piñeiro, ou o picudo vermello que hoxe nos ocupa. Participa regularmente en actividades formativas e divulgadoras para técnicos e agricultores, ademais de publicar artigos de carácter técnico en revistas e medios profesionais.

-4º Coloquio. "A avespa velutina"

Relator: Suso Asorey. Biólogo pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialízase no mundo das abellas. Socio fundador de AGA, Asociación Galega de Apicultura (1980) e tamén da cooperativa ERica Mel (1990). En 2004 funda a Casa das Abellas, centro de visitantes adiacos a resaltar o imprescindible labor ambiental destes insectos e o valor dos seus produtos. Ten publicado un ABC da apicultura, unha Guía do apicultor. A marabillosa historia da abella apolinaria, e DA flor á mesa, historia dunha pinga de mel. Na actualidade é portavoz

O IEM organiza o ciclo informativo “Invasoras silenciosas. Novas pragas no Val Miñor”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 25 Febreiro 2015 22:33

de AGA e secretario técnico de Erica Mel S.C. G.

[Aula de Cultura Ponte de Rosas](#)

{jathumbnail off}